

CIENCIAS

SEMANA DO 21 AO 24 DE ABRIL

Esta semana imos a falar da paisaxe. Se vos pregunto, cal é a paisaxe que vedes dende a vosa ventá, en que pensades? Seguramente moitos e moitas estades pensando no edificio que tedes en fronte, outros nas árbores do monte que tedes ao lado, quizais vexades un río... Pois diso imos aprender algo. Propóñovos estes vídeos. O primeiro é unha introdución e os demais fálannos de tres tipos de paisaxe: montaña, chaira (llanura en castelán) e costa. Algún vídeo fala de elementos que aínda non temos que saber, por iso vos pido que vos quededes cunha idea xeral de como son estes 3 tipos de paisaxe.

Introdución ás paisaxes: <https://www.youtube.com/watch?v=LxgKYT8oDTo>

Montaña e chaira: <https://www.youtube.com/watch?v=icttaUwZAcU>

A paisaxe de costa: <https://www.youtube.com/watch?v=KcbP0NcX2t4>

Actividade 1: Copia e completa esta táboa na libreta tendo en conta a información que viches e escoitaches nos vídeos ou o que ti saibas da paisaxe que se pide en cada caso:

Tipos de paisaxe	Descrición (sinxela)	Elementos que podemos atopar (nomear algún)
Montaña		
Chaira (Llanura)		
Costa		

Como é a paisaxe que nos rodea a nós? Propóñovos que vexades este vídeo cos ollos ben abertos e que copiedes e contestedes as preguntas da actividade 2 e 3.

Vídeo sobre paisaxes de Galiza:

https://www.youtube.com/watch?v=8CJ7_eMVG7s&frags=pl%2Cwn

Actividade 2: Estiveches nalgún dos lugares que aparecen no vídeo? E nalgún que che recorde a eses?

Actividade 3: Volve ler este texto que xa vimos no primeiro trimestre e pensa nas paisaxes do vídeo. Que tipos de paisaxes viches?



Curiosas paisaxes

Vivimos nun planeta marabilloso con paisaxes moi diversas.

Todas son únicas. E algunhas, espectaculares.

Sorprenden, por exemplo, moitas paisaxes de costa. O mar labrou nos acantilados furnas, corredores, arcos... Foron necesarios millóns de anos para formar paisaxes así, como a da praia de Augasantas, en Lugo.



Praia de Augasantas, en Ribadeo (Lugo), tamén coñecida como praia das Catedrais.



O Guerreiro, figura de pedra no Monte Pindo, en Carnota (A Coruña).

Tamén nas montañas o sol, a neve, a chuvia e o vento actuaron como escultores. Nalgúns lugares crearon espazos que semellan de fantasía. Fannos pensar en seres máxicos e fantásticos, como ocorre coas formas das pedras do Monte Pindo, na Coruña.

Actividade 4: Busca unha foto ou fai un debuxo dunha paisaxe de costa ou de montaña e descríbea.